

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

O artigo 1 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 13.^a e 18.^a da Constitución.

O artigo 2 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución.

O artigo 3 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 18.^a da Constitución.

O artigo 4 dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 20.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10286 *LEI ORGÁNICA 3/2003, do 21 de maio, complementaria da Lei reguladora dos equipos conxuntos de investigación penal no ámbito da Unión Europea, pola que se establece o réxime de responsabilidade penal dos membros destinados nos ditos equipos cando actúen en España.* («BOE» 122, do 22-5-2003.)

JUAN CARLOS R.

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ó aborda-la regulación legal dos equipos conxuntos de investigación, detectouse a necesidade, que ten a súa orixe na Decisión Marco sobre os ditos equipos, de establecer-lo réxime de responsabilidade penal dos membros destinados naqueles cando desenvolvan a súa actividade no noso país.

O dito réxime abrangue tanto as infraccións penais que se poidan cometer contra os membros destinados nos equipos conxuntos de investigación, coma os delitos que eles puidesen cometer.

En ámbolos casos trátase de regular materias que, de acordo co noso texto constitucional, constitúen lexislación penal e deberán abordarse nunha norma con rango de lei orgánica.

Artigo único. *Responsabilidade penal dos membros destinados en equipos conxuntos de investigación que actúen en territorio español.*

1. No exercicio das actividades propias da investigación desenvolvidas polo equipo, os membros destinados estarán suxeitos ó mesmo réxime de respon-

sabilidade penal que as autoridades e os seus axentes e os funcionarios públicos españois.

2. Igualmente, seranlles aplicables, nos mesmos termos, as disposicións recollidas para o efecto na lexislación penal respecto das infraccións penais cometidas contra as autoridades e os seus axentes e os funcionarios públicos españois.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10287 *LEI ORGÁNICA 4/2003, do 21 de maio, complementaria da Lei de prevención e bloqueo do financiamento do terrorismo, pola que se modifican a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.* («BOE» 122, do 22-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como garantía dos dereitos dos suxeitos previstos na Lei 12/2003, de prevención e bloqueo do financiamento do terrorismo, o seu artigo 3 prevé, no seu punto 3, a posible interposición do recurso contencioso-administrativo contra as medidas adoptadas pola Comisión de Vixilancia de Actividades de Financiamento do Terrorismo. Dada a natureza das ditas medidas, resulta preciso establecer que o coñecemento dos recursos contencioso-administrativos que se deduzan en relación con elas lle corresponda á Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, polo que se fai preciso dar unha nova redacción ó artigo 66 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, introducindo unha regra competencial que amplíe os supostos dos que se lle atribúe o coñecemento á dita Audiencia Nacional.

Paralelamente, inclúese esta nova regra competencial no artigo 11.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, lei ordinaria que desenvolve as previsións contidas na Lei orgánica do Poder Xudicial nesta materia.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei orgánica do Poder Xudicial.*

Modifícase o artigo 66 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, que queda redactado da seguinte maneira:

«A Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional coñecerá:

a) En única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra disposicións e actos dos